

# BASES

## XII CONCURSO DE IDEAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (Ano 2011)

### Obxecto.-

O "XII Concurso de Ideas Empresariais Innovadoras da USC" ten por obxecto premiar a aqueles emprendedores e emprendedoras que presenten ideas innovadoras susceptibles de converterse en proxectos empresariais a curto e medio prazo.

### O CONCURSO REXERASE POLAS SEGUINTE BASES:

#### Artigo 1.- Participantes:

O concurso vai dirixido **a toda a comunidade universitaria** (estudantes, titulados e tituladas, doutorandos e doutorandas, PAS, etc.) **e a todas as áreas de coñecemento** (Humanidades, Ciencias da Saúde, Ciencias Xurídicas e Sociais, Ciencias Experimentais e Ensinanzas Técnicas) de calquera das universidades galegas.

#### Artigo 2.- Inscripción.

A inscrición no concurso realizarase de forma telemática, cumprimentando o formulario que aparece na páxina web de UNIEMPENDE ([www.uniempende.es](http://www.uniempende.es)).

Así mesmo, poderase realizar a inscrición imprimindo o formulario que aparece na devandita web debidamente cumprimentado e presentándoo en calquera dos seguintes centros (dirixido ao Vicerreitor de Investigación e Innovación):

- Campus de Santiago:
  - Rexistro do Centro de Innovación e Transferencia de Tecnoloxía  
Edificio CACTUS  
Campus Sur  
15706 Santiago de Compostela
  - Rexistro da Reitoría  
Pazo de San Xerome  
Praza do Obradoiro  
15705 Santiago de Compostela
- Campus de Lugo:

Rexistro dos Servizos Centrais do Campus de Lugo  
Edificio Biblioteca Intercentros  
27002 Lugo

Os formularios poden tamén ser enviados a calquera destes rexistros por correo certificado con instancia selada pola oficina de Correos.

### **Artigo 3.- Prazo de presentación**

O prazo de presentación vai **desde o día 1 de abril ata o 31 de maio de 2011 ás 14.00** horas.

### **Artigo 4.- Premios**

Outorgaranse **5 premios de 600 euros** independentemente do número de participantes. Estes premios están suxeitos a unha **retención de IRPF**.

Todos os premiados terán a obriga de entregar a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia que acredite a súa vinculación universitaria (carné, título, impreso de matrícula, etc.)
- Certificación Bancaria co número de conta a onde se debe facer o ingreso. No caso de que a idea premiada pertenza a varias persoas, acordo asinado por todos os promotores para poder facer o ingreso a unha soa persoa.

### **Artigo 5.- Xurado**

O xurado estará composto por representantes da Universidade de Santiago de Compostela e de entidades colaboradoras. A súa composición publicárase nos taboleiros de anuncios dos rexistros no Campus de Santiago: Rexistro do edificio CACTUS- planta baixa e no Campus de Lugo: Servizos Centrais. Edificio Biblioteca Intercentros.

### **Artigo 6.- Criterios de valoración.**

Valoraranse de forma preferente os seguintes aspectos:

- Viabilidade e factibilidade da idea
- Carácter innovador
- Grao de madurez da idea
- Mercado
- Ter en conta as políticas de igualdade



**Artigo 7.- Confidencialidade.**

**A Universidade de Santiago de Compostela comprométese a gardar confidencialidade sobre os datos e ideas aportados** polos participantes que non foran premiados.

**Artigo 8.- Aceptación das bases.**

A participación neste concurso implica a **plena aceptación das súas bases e da decisión do xurado.**

A organización do concurso resérvase o dereito a declarar deserto un ou varios premios, no caso de que as ideas non reúnan ás condicións necesarias para seren premiadas, así como poder ampliar os premios concedendo os accésits que considere oportunos.

**Non poderán presentarse a este concurso, nin directamente nin a través de familiares, o persoal dalgunha das entidades relacionadas co Programa UNIOEMPRENDE da Universidade de Santiago de Compostela.**

PARA MÁIS INFORMACIÓN pódese contactar con:

**UNIOEMPRENDE**

Tel. 881 815559 (Santiago de Compostela)

Tel. 982 822860 (Lugo)

[uniemprende@usc.es](mailto:uniemprende@usc.es)

[www.uniemprende.es](http://www.uniemprende.es)